

# **A Facultade de Dereito e a lingua galega**

*Proposta para aumentar e mellorar o uso da lingua galega*



Aprobado na Xunta de Facultade de Dereito en decembro de 2010

## Índice

|   |                         |
|---|-------------------------|
| 1 | Introducción            |
| 2 | Objetivos               |
| 3 | Liñas estratégicas      |
| 4 | Programa de actuaciones |
| 5 | Temporalización         |
| 6 | Financiamento           |

# 1 Introducción

A Comisión de Normalización Lingüística do Claustro, na súa xuntanza do 25 de maio de 2007, aprobou un informe de avaliación sobre o grao de execución do Plan de normalización lingüística da USC. En función dos resultados, a Comisión do Claustro emitía unha serie de recomendacións, entre as cales figuraba “Desenvolver accións de extensión do uso da lingua na docencia focalizando os esforzos nun par de centros, a modo de experiencia piloto que poida ser ampliada no futuro.”

O Equipo de Goberno encargoulle esta tarefa ao Servizo de Normalización Lingüística, que ten como misión darlle apoio técnico ao proceso de extensión da lingua galega na USC. Dende o SNL propuxemos focalizar os esforzos estratexicamente en dous centros: Ciencias da Educación e Dereito.

No caso de Dereito, a escollo está baseada en tres razóns principais:

- impacto na USC, polo número de alumnos e alumnas do centro
- impacto positivo das actuacións na sociedade galega
- trátase dun centro cun índice de uso do galego na docencia moi por debaixo dos obxectivos propostos na Liñas xerais da programación plurianual 2007-2010.

## O plan de actuacións para a Facultade de Dereito

Para elaborar o plan piloto partimos dun estudo en profundidade do centro, que implicou a recolleita de numerosos datos e información, sobre moi variados aspectos, tanto obxectivos como subxectivos. A partir dese estudo, realizouse unha diagnose sobre os puntos débiles e fortes do centro en relación co obxectivo de impulsar a utilización do galego.

O estudo-diagnóstico serviu como punto de partida á hora de formular un obxectivo xeral ambicioso e asemade realista para acadar **en tres cursos académicos: aumentar o uso do galego ata o 30%** na docencia da titulación básica e principal do centro (licenciatura en Dereito / grao en Dereito), de xeito equilibrado. Isto supón multiplicalo por algo máis de 3 a respecto do índice actual (8,67% no curso 2008-2009).

Para conseguilo **proponse un plan de actuacións** dirixido a catro ámbitos (institucional, do PDI, do alumnado, da proxección exterior), que contén 42 medidas artelladas arredor de 8 programas.

O plan de actuacións está baseado no Plan de Normalización Lingüística da USC. Moitas das medidas que nel se propoñen son directamente as recollidas no PNL; outras son o froito de concretar nunha acción o espírito dun obxectivo específico do PNL. En calquera caso, cada actuación do Plan reflicte o obxectivo do PNL que se pretende cumprir. Tívoise moi en conta as estimacións realizadas pola Comisión de Normalización Lingüística do Claustro no Informe de execución do PNL. Finalmente, a proposta tamén é o resultado do seu paso polo Equipo de Goberno da USC e pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Dereito, de tal xeito que esta é unha terceira versión.

Cada medida proposta aparece cos seus obxectivos específicos, unha pequena descrición, os responsables da súa execución, posibles fontes de financiamento, temporalización e indicadores para a avaliación.

As medidas que se propoñen combinan o asesoramento lingüístico e terminolóxico, a formación e a dinamización, de xeito proporcionado, coherente e progresivo, e sempre buscando a calidade da medida en si, e subsidiariamente a mellora da calidade das comunicacións e da docencia. Algunhas delas (principalmente as relacionadas con formación do PDI) son actuacións que xa se veñen levando a cabo na Universidade con carácter xeral, e que se concentran na Facultade.

Tamén na súa redacción se tivo en conta o disposto no Plan xeral de normalización da lingua galega, pois entre os sectores verticais para os que se programa, hai dous especialmente unidos á extensión do galego na Facultade de Dereito: o propio sector do ensino e mais o sector da Administración (administracións da Xunta, local, Xustiza, periférica do Estado e notarías).

É precisamente da necesidade por parte da Xunta de Galicia, de impulsar a execución do PXNL nestes sectores, na que nos baseamos para propoñer boa parte das **fontes de financiamento** deste plan. Conseguir o financiamento implica unha acción ambiciosa e comprometida por parte do Equipo de Goberno da USC, co apoio do Decanato da Facultade, diante da Xunta de Galicia, máis concretamente diante da Consellaría de Presidencia e da Consellaría de Educación (Secretaría Xeral de Política Lingüística, Secretaría Xeral de Universidades), aínda que para algunhas actuacións concretas tamén se propón o financiamento e a coordinación doutras, especialmente as relacionadas co ámbito do alumnado (Consellaría de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado). A USC ten neste momento posibilidades de financiar o inicio das actuacións durante este ano.

De todos os xeitos, para garantir a eficacia dos fondos públicos que se destinen a este fin, o financiamento está condicionado non só á aprobación do Plan na Xunta de Facultade senón tamén a unha planificación do aumento real do uso do galego na docencia por parte dos departamentos, dos cales depende en última instancia o éxito do Plan. Neste senso, os departamentos deberán presentar obxectivos propios de incremento da súa oferta docente en galego en función das súas posibilidades, e de maneira paulatina os vindeiros tres anos. A USC avaliará de xeito anual o cumprimento deses obxectivos marcados voluntariamente, e desa avaliación dependerá a continuidade do plan.

No plan de actuacións non se persegue ningún obxectivo en relación co fomento do uso doutras linguas non oficiais na USC. **A USC carece dun plan de fomento do plurilingüismo** (o que si acontece noutras universidades) e non ten fixado ningún modelo lingüístico deste estilo en que nos poidamos basear.

Resultado das esixencias do EEES é a proposta de garantías lingüísticas para o alumnado en relación ás materias e grupos en que se matricula.

## **Coda**

Como xa se dixo, esta é unha proposta integral, coherente e progresiva, pensada para alcanzar o obxectivo que se propón: aumentar a docencia en galego na titulación de Dereito ata un 30%. Porén, non deixa de ser un **borrador**.

O éxito da proposta depende fortemente do compromiso do Equipo de Goberno no que lle corresponde e, sobranceiramente, do compromiso que a Facultade, a través

dos seus órganos de goberno e organización, e das persoas que a integran, esta disposta a **asumir de xeito voluntario**, cos apoios que se lles ofrecen.

O programa de compromiso institucional que abre o plan de actuacións é, ao noso entender, o esteo fundamental e fundacional das actuacións. Non podemos esquecer que a normalización lingüística é un proceso que require de debate, reflexión e compromisos, colectivos e individuais.

A comprensión do talante da proposta, de que é axustada plenamente á legalidade, que responde ás obrigas e compromisos que toda administración ou organismo público galego ten cara á nosa lingua propia e que son asumidos pola USC, e que respecta a vontade individual de docentes e estudantes, é fundamental para que poida ser asumida polo centro, coas modificacións que estime pertinentes. **Esta non é, en ningún caso, unha proposta pechada.**

## 2 Obxectivos

### 2.1 Obxectivo xeral

Conseguir que a lingua galega sexa unha **lingua de uso normal** na comunicación, expresión e traballo do alumnado, do PDI e do PAS da Facultade de Dereito da USC, **respectando a liberdade individual** do PDI e do alumnado de utilizar calquera das dúas linguas oficiais.

Este obxectivo xeral pódese cuantificar no ámbito da actividade docente: conseguir que o **30% da docencia** que se imparte no centro sexa en galego e afecte **equilibradamente a todos os grupos** de docencia.

### 2.2 Obxectivos específicos

- Concienciar o PDI e o alumnado da Facultade da importancia que teñen para posibilitar o uso do galego na actividade profesional así como o coñecemento e o exercicio dos dereitos lingüísticos.
- Eliminar ou reducir prexuízos e actitudes negativas cara a un maior uso do galego no centro.
- Conseguir que o centro, os seus diversos colectivos e os seus membros se sintan implicados na aprobación e posta en marcha deste plan.
- Ofrecerlle ao PD formación, asesoramento e ferramentas para que poida exercer as súas funcións docentes en galego.
- Ofrecerlle ao alumnado formación transversal respecto a habilidades e competencias lingüísticas en galego.
- Ofrecer formación específica sobre dereitos lingüísticos.
- Fomentar o uso do galego na actividade docente, dentro do marco do Plan de normalización da USC e do Plan xeral de normalización da lingua galega.
- Conseguir que os textos e comunicacións institucionais producidos pola Facultade cumpran o establecido no Regulamento de uso da lingua galega da USC.
- Tecer unha rede de cooperación para fomentar o uso do galego en todo o ámbito profesional.

## 3 Liñas estratéxicas

- Ligar o galego coa mellora na formación do alumnado (competencias e habilidades lingüísticas transversais, dereitos lingüísticos).
- Ligar o galego coa formación e innovación docente, así como coa renovación do PDI.
- Aproveitar as oportunidades que xorden da implantación do EEES e da reorganización de titulacións.
- Ligar o galego cunha mellora da comunicación do centro.
- Ligar o galego cunha maior dinamización extracurricular.
- Ligar o galego cun proceso xeral de maior galeguización de todo o ámbito profesional do Dereito, aproveitando a proxección social e o prestixio da Facultade, así como a súa posición de liderado na universidade galega.
- Aproveitar as oportunidades que xorden da aplicación e posta en marcha do Plan xeral de normalización lingüística nos ámbitos relacionados coa Facultade de Dereito.

## 4 Programa de actuacións

A seguir propoñemos un plan de actuacións dirixido a catro ámbitos (institucional, do PDI, do alumnado, da proxección exterior), que contén 42 medidas artelladas arredor de 8 programas.

Para ver con detalle cada unha das medidas do plan de actuacións, consúltese o anexo correspondente.

| <b>Ámbito institucional</b>  |   |
|--|---|
| Programa de compromiso institucional                                     | Presentación do plan de actuacións  |
|  | Reflexión sobre o plan pola comunidade do centro  |
|  | Aprobación do plan pola Xunta de Facultade  |
|  | Difusión do compromiso do centro e do plan  |
| Programa de mellora da calidade das comunicacións                        | Lembranza da normativa universitaria de usos lingüísticos   |
|  | Oferta de instalación nos ordenadores de ferramentas informáticas en/para o galego                      |
|  | Curso de recursos informáticos para a lingua galega   |
|  | Curso para o desenvolvemento de webs en galego  |
|  | Apoio á galeguización e á calidade lingüística dos programas de materias                                |
| <b>Ámbito do persoal docente e investigador</b>                          |   |
| Programa de fomento de uso do galego na docencia                         | Promover a fixación de obxectivos dos departamentos en relación ao aumento do uso do galego na docencia |
|  | Recoñecemento do esforzo do PDI que imparta docencia en galego  |
| Programa de formación específica   | Obradoiros de lingua oral 1-2-3   |
|  | Curso preparatorio do Celga 4   |
|  | Obradoiro de elaboración de unidades didácticas   |
|  | Obradoiro de elaboración de presentacións didácticas  |
|  | Obradoiro de elaboración de webs docentes   |
|  | Obradoiro de novas ferramentas para a docencia  |
|  | Seminario: lexislación e dereitos lingüísticos  |
| Programa de apoio á galeguización da docencia e dos materiais didácticos | Seminario: Recursos para a docencia do Dereito en galego  |
|  | Apoio titorial individualizado  |
|  | Xestións para conseguir lexislación en galego   |
|  | Tradución de manuais  |
|  | Edición en papel de unidades didácticas   |

|  |  |
|--|--|
| Programa de apoio terminolóxico                    | Implantación no bUSCatermos da terminoloxía do grao  |
|  | Elaboración de dicionarios integrados en paquetes informáticos                             |
|  | Creación dun grupo de discusión terminolóxica específico                                   |
| <b>Ámbito do alumnado</b>                          |  |
| Programa de formación                              | Cursos de redacción e deseño de traballos académicos                                       |
|  | Obradoiros de linguaxe e redacción xurídica  |
|  | Obradoiros de expresión oral e oratoria  |
|  | Dereitos lingüísticos e lexislación lingüística  |
|  | Elaboración e difusión de terminoloxía básica  |
| Programa de dinamización                           | Seminario de formación para a dinamización   |
|  | Campaña de sensibilización   |
|  | Reunións para estudantes de intercambio  |
|  | Premios á calidade e á excelencia lingüística dos traballos académicos                     |
|  | Liga de debate   |
|  | Revista electrónica sobre Dereito  |
|  | Exposición de libros e outros materiais de Dereito en galego                               |
| <b>Ámbito profesional e da proxección exterior</b> |  |
|  | Promover o galego na revista da Facultade  |
|  | Impulso conxunto do galego na docencia de Dereito, no mundo da Administración e da Xustiza |
|  | Impulso de accións conxuntas coa Xunta para o cumprimento do PXNL                          |
|  | Asinamento de convenios de prácticas con garantías lingüísticas                            |

## 5 Temporalización

Este plan que presentamos está concibido para implementar en **tres** anos: dende 2009 ata 2012.

Todas as actuacións achegan unha proposta de desenvolvemento temporal, que responde a unha secuenciación lóxica e progresiva.

## 6 Financiamento

Estímase que, en total e para os tres anos, se necesitan 86350 € para financiar o plan de actuacións.